

RÚBRICA PARA VALORAR UN PODCAST

Nome do alumno ou alumna: _____

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
Lectura do texto	Le o texto de maneira expresiva e coidando os trazos propios da oralidade (ton, ritmo, entoación, énfase...).	Le o texto de maneira expresiva e coidando a maioría dos trazos propios da oralidade (ton, ritmo, entoación, énfase...).	Na lectura do texto non ten en conta todos os trazos propios da oralidade (ton, ritmo, entoación, énfase...).	Na lectura do texto non ten en conta ningún dos trazos propios da oralidade (ton, ritmo, entoación, énfase...).
Análise e comentario do texto	Demostra comprender en profundidade o texto, a intención do autor, e é capaz de relacionalo facilmente coas súas propias emocións e experiencias.	Demostra comprender as principais ideas e sentimentos expresados no texto, e é capaz de atopar relacións coas súas propias emocións e experiencias.	Demostra comprender algunhas das ideas e sentimentos expresados no texto, e é capaz de atopar algunhas relacións coas súas propias emocións e experiencias.	Demostra non comprender a esencia do texto nin a intención do autor. Non é capaz de relacionalo coas súas propias emocións e experiencias.
Manexo das ferramentas dixitais de gravación de audio	Usa as ferramentas dixitais sen ningún problema e aproveita todas as posibilidades que ofrecen.	Usa as ferramentas dixitais sen grandes problemas e aproveita bastante ben as posibilidades que ofrecen.	Usa as ferramentas dixitais con axuda e non aproveita todas as posibilidades que ofrecen.	Ten bastantes problemas no uso das ferramentas dixitais e non aproveita as súas posibilidades.
Asunción de tarefas	Asume con responsabilidade todas as tarefas que lle corresponden na elaboración do podcast.	Asume con responsabilidade case todas as tarefas que lle corresponden na elaboración do podcast.	Asume só algunhas das tarefas que lle corresponden na elaboración do podcast.	Non asume con responsabilidade as tarefas que lle corresponden na elaboración do podcast.



ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
Participación no traballo en equipo	Participa activamente no equipo achegando ideas e axudando, cando o necesitan, ao resto dos seus compañeiros/as.	Participa bastante activamente no equipo achegando ideas e axudando, case sempre ao resto dos seus compañeiros/as.	Participa polo xeral no equipo e, en ocasións, axuda ao resto dos seus compañeiros/as.	Participa pouco no equipo e ofrece pouca axuda ao resto dos seus compañeiros/as.

